

Enquisa sobre incendios forestais

O obxectivo desta enquisa é coñecer a opinión da poboación sobre distintos aspectos relacionados cos incendios forestais. *Obrigatorio

1. Selecciona a que distrito pertences: *

- VIII (Terra de Lemos)
- XVIII (O Rosal)
- Outro

2. Zona onde vives *

- Rural
- Urbana

3. Ocupación*

- Estudante
- Traballador ou xubilado do sector primario
- Traballador ou xubilado do sector secundario
- Traballador ou xubilado do sector terciario
- Outros

4. Idade*

- 0-21
- 22-50
- 51-65
- Máis de 65

5. Sexo*

- Home
- Muller

6. Formación rematada*

- Sen estudos
- Primaria
- Secundaria
- Bacharelato
- Formación profesional
- Universitaria

7. Con qué frecuencia vas ao monte?

- Todas as semanas
- Unha ou dúas veces por mes
- Cada tres meses
- Cada seis meses
- Non adoito ir

8. Que tipo de actividades realizas cando vas? (podes elixir varias respostas)

- Traballo
- Caza e/ou pesca
- Recollida de leña, piñas, cogomelos, froitos secos, etc
- Actividades de lecer con familia e/ou amigos (acampadas, grelladas, etc)
- Sendeirismo e/ou paseos en bicicleta
- Deportes de risco
- Outro:

9. Fuches algunha vez testemuña ou vítima dun incendio forestal?

- Si
- Non

10. Tes recibido información sobre prevención de incendios forestais? (podes elixir varias respostas)

- Si, en conversas e/ou conferencias
- Si, nos medios de comunicación como a televisión, a prensa, ...
- Si, a través de familiares, amigos ou veciños
- Si, informeime pola miña conta
- Non, descoñezo o tema

11. Que farías se vises un incendio forestal? (podes elixir varias respostas)

- Achegarme todo o posible para velo mellor
- Correr en dirección contraria
- Non faría nada, seguiría o meu camiño
- Avisar o servizo de extinción de incendios forestais
- Observar con atención a zona e o que acontece nela
- Tomar datos, fotos, ...
- Esperar a que cheguen os medios e axudar nos labores de extinción

12. A que teléfono chamarías?

- Non chamaría
- 061
- 062
- 080
- 085
- 091
- 092
- 112

13. Das seguintes causas de incendios forestais, escolle as tres que che parezan máis relevantes nos incendios forestais que acontecen no teu distrito

- Fenómenos meteorolóxicos
- Liñas eléctricas, de ferrocarril ou estradas
- Vertedoiros
- Queimas relacionadas con tarefas agrícolas (para a xestión de biomasa, escorrentar animais, ...)
- Queimas relacionadas con actividades de lecer (cabichas, fogueiras, foguetes, ...)
- Intencionados con fins económicos
- Intencionados por trastorno mental ou vandalismo
- Intencionados por conflitos entre veciños ou coa administración
- Reproducións doutros incendios

14. Das seguintes medidas, escolle as catro que che parezan máis eficaces na prevención dos incendios forestais no teu distrito

- A vixilancia dos montes
- A limpeza de pólas secas, monte baixo, ...
- O mantemento de sendeiros, pistas forestais e devasas
- O endurecemento das penas por incumprir as leis instituídas en relación ás queimas, o amoreamento de refugallos, a provocación intencionada de incendios, etc
- A prohibición de todo tipo de actividades no monte en épocas de alto risco
- Regular a xestión económica das áreas queimadas
- Facer a concentración parcelaria ou outras medidas para a reversión do minifundismo
- Aumentar a rendibilidade económica e social do monte
- Aumentar as campañas de sensibilización sobre incendios e fomentar a formación dos cidadáns
- Ampliar as áreas naturais protexidas
- Fomentar as actividades educativas e de lecer no monte
- Mellorar a tecnoloxía de investigación das causas dos incendios forestais

15. En relación ao coidado dos montes, sinala en caso de que sexa procedente con que frecuencia:

	Nunca	Ás veces	Sempre
Limpas a túa parcela	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Xestionas os teus refugallos de acordo coas normas establecidas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Estás certo de que as brasas están perfectamente apagadas despois de facer lume	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Recolles o lixo cando vas ao monte	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Respectas os cotos de caza e/ou pesca	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

16. Valora a importancia das consecuencias dos incendios forestais que aconteceron recentemente no teu distrito

	Pouco importante	Importante	Moi importante
Perdas de vidas humanas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Impacto ambiental: destrución da paisaxe, erosión do chan, perda da biodiversidade, contaminación, ...	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Cambios na forma de vida da poboación afectada: perda de vivendas, despoboamento da zona, ...	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Perdas económicas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Cortes en subministracións básicas e comunicacións	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

17. Responde verdadeiro ou falso

	Verdadeiro	Falso
Un incendio escorrenta os animais salvaxes	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Unha cabicha non provoca incendios	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Se non hai chama o incendio está apagado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
En todas as áreas recreativas podemos facer grelladas en calquera época do ano	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Os permisos de queima eximen de responsabilidades o solicitante en caso de que esta provoque un incendio	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Para facer pastos é máis rendible queimar o monte que rozalo	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
O chan incendiado pódese reutilizar sen permisos e sen prazos de tempo	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Se un incendio ten varios focos é provocado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Despois dun incendio non quedan vestixios dos que o provocaron	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Co solpor hai menos perigo de que arda o monte	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Os medios de extinción cobran en función do número de incendios atendidos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Os medios aéreos poden traballar á noite	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Os medios terrestres só traballan de día	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Todos podemos colaborar na extinción dun incendio forestal	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

18. Se o desexas podes escribir aquí propostas de mellora sobre a prevención e a extinción de incendios forestais.